



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

O finning: eficiencia das
políticas e evolución do
comercio de aletas de
tiburón na Unión
Europea

Sergio Acevedo Iglesias

Grao en Administración e Dirección de Empresas

Xuño 2020

Resumo

O maior valor da aleta de tiburón en comparación co resto do animal dende o punto de vista económico incentivou a pescadores a practicar finning, polo que os buques de pesca aforraban espazo de bodega para logo poder encher con peixes máis valiosos, como o espada ou o atún. Tratándose dunha práctica cruel que afecta ao ecosistema, estritamente lexislada (prohibida) dende inicios do recente século, e sendo España, Galicia en especial, dos maiores produtores do mundo de tiburón, demanda a realizar este informe que comprobe o cumprimento ou incumprimento das normativas da frota europea.

Examínase a nivel europeo por dous motivos: o primeiro é que están sometidos ás mesmas regulacións (en 2003 se prohíbe o finning por lei aínda que si se permite cernar as aletas establecendo como medida de control unha relación de peso aleta-corpo (5%) como límite, e en 2013 elimina as exencións, tendo que desembarcarse as aletas adheridas ó corpo), e o segundo é polos mesmos hábitos de consumo (Europa non consume aletas). Esta segunda razón permite analizar o cumprimento en base o comercio internacional, asumindo que todo o producido e importado será exportado/reexportado.

Cos datos acadados se determinou que España incumpriría en tódolos anos entre 2000 e 2011. Sen embargo, a comunidade científica demostrou que o 5% lexislado non é o adecuado para a frota europea, requirindo un máis alto. Ademais, os valores comerciais empregados son ponderacións dunha estimación media anual que está en bruto, cando o ideal sería valores reais e netos. A carencia destes datos débese a que previo a 2012 non existían códigos arancelarios diferenciados para aletas de tiburón.

Para o período posterior a 2012, xa con valores oficiais, estes en realidade son inconsistentes, limitando a análise. É un problema que sucede globalmente, non só en Europa. Por este motivo, sospéitase que se debe a unha codificación arancelaria errada, que en calquera caso, en termos xerais, en Europa se pode descartar que se deba a pesca INDNR grazas á norma de aletas adheridas.

Ante todo, cos datos presentes non se pode afirmar a existencia de finning nin en España nin no entorno Europeo.

Por outro lado, ambas normativas foron criticadas por diversos grupos de interese ao ter un impacto socioeconómico negativo, demandando un debate sobre a adecuación das políticas.

Agradecementos

Este traballo clausura unha etapa moi importante, un banzo máis cara o futuro tanto a nivel persoal como profesional. Unha etapa que non sería posible sen o sacrificio dos meus pais, Javier e Beatriz, e a referencia do meu irmán Diego, polo que dedico este traballo a eles.

Agradecer ós expertos, organizacións e institucións que me achegaron información, e por suposto ós titores do TFG (Hugo M. Ballesteros e Gonzalo Rodríguez) pola súa excepcional orientación.

Índice

Resumo	2
Agradecementos	3
Índice	4
Índice de abreviaturas	6
Índice de táboas, gráficos ou figuras	7
Planificación	9
Introdución	10
Metodoloxía	11
1 Limitacións metodolóxicas e de acceso á información	12
Desenvolvemento do traballo	14
2 Pesca, contextualización do finning, e impacto económico das políticas anti-finning	14
2.1 Peso económico da pesca	14
2.2 Especies susceptibles de finning, caladoiros e evolución da captura de tiburóns..	14
2.2.1 Prezos de carne e aletas de tiburón e destinos de consumo.....	18
2.3 A frota de palangre de superficie: importancia económica para Galicia, relación co finning e efectos da normativa antifinping	21
2.3.1 Efectos na rentabilidade da normativa antifinping, evolución no número de buques palangreiros e emprego	22
3 Gobernanza do mar e lexislación referente ao finning e pesca de tiburón	24
3.1 Evolución da lexislación europea sobre finning	27
4 Resultados	28
4.1 Período 1: Países europeos 2000-2011.....	29

4.2	Período 2: países europeos 2012-2017	29
5	Discusión	30
	Conclusións	34
	Bibliografía.....	36

Índice de abreviaturas

ARVI/ CACT	Armadores de Vigo / Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo
CCAMLR-CCRVMA	Convenio para a Conservación dos Recursos Vivos Mariños Antárticos (ORP)
CCTEP	Comité Científico, Técnico e Económico de Pesca
CEPESCA	Confederación Española de Pesca
CIEM	Comisión Internacional para a Exploración do Mar
CITES	Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres
CPANE	Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (ORP)
EEUU	Estados Unidos
FAO	Food and Agriculture Organization (Organización das Nacións Unidas “ONU” para a Alimentación e a Agricultura)
ICCAT	Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ORP)
ICFA	Coalición Internacional de Asociacións Pesqueiras
IEO	Instituto Español de Oceanografía
IUU-INDNR	Illegal, Unreported and Unregulated fishing - Pesca Ilegal, Non Declarada e Non Reglamentada
KG	Kilogramo (unidade de peso)
MSC	Marine Stewardship Council (certificado)
NAFO	Organización da Pesca do Atlántico Noroccidental (ORP)
OMA	Organización Mundial de Aduanas
ONG	Organización Non Gubernamental
OROP	Organizacións Rexionais de Ordenación Pesqueira
ORP	Organizacións Rexionais de Pesca
ORPAGU	Organización de Palangreiros Guardeses
PPC	Política Pesqueira Común

TAC	Totais Admisibles de Capturas
UE-CE-CEE	Unión Europea – Comunidade Europea – Comunidade Económica Europea
UICN	Unión Internacional para a Conservación da Natureza
USD	United States Dollar (moeda)
WCPCF	Comisión de Pesca do Pacífico Occidental e Central (ORP)
CITES	Convención sobre el Comercio Internacional de Especies Amenazadas de Fauna y Flora Silvestres
MAPA	Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
OPP	Organización de Produtores Pesqueiros

Índice de táboas, gráficos ou figuras

ILUSTRACIÓN 1: ESPECIES DE TIBURÓN MÁIS COMERCIALIZADAS POLO PALANGRE DE SUPERFICIE	17
ILUSTRACIÓN 2: COMERCIO MUNDIAL DE ALETA EN PROCEDENCIA E DESTINO ENTRE 2000 E 2011. O GROSOR DAS FRECHAS COMO REPRESENTATIVIDADE DO PESO DAS TRANSACCIÓN.....	20
ILUSTRACIÓN 3: COMERCIO MUNDIAL DE CARNE EN PROCEDENCIA E DESTINO ENTRE 2000 E 2011. O GROSOR DAS FRECHAS COMO REPRESENTATIVIDADE DO PESO DAS TRANSACCIÓN.....	20
ILUSTRACIÓN 4: DESCRICIÓN GRÁFICA DO PALANGRE DE SUPERFICIE (ESQUERDA) E DE FONDO (DEREITA)	21
ILUSTRACIÓN 5: ORPs QUE XESTIONAN ESPECIES ALTAMENTE MIGRATORIAS (IMAXE SUPERIOR) E ORPs QUE XESTIONAN POBOACIÓNS POR ZONAS XEOGRÁFICAS (IMAXE INFERIOR)	26
ILUSTRACIÓN 6: IMAXE DUNHA QUENLLA PROCESADA E CONXELADA A BORDO COAS ALETAS ADHERIDAS	28
ILUSTRACIÓN 7: NOME DAS DIFERENTES ALETAS DO TIBURÓN.....	32
ILUSTRACIÓN 8: ALETAS DE TIBURÓN CERNADAS	32
GRÁFICO 1: EVOLUCIÓN CAPTURA DE TIBURÓN DE ESPAÑA EN TONELADAS ENTRE 1950 E 2017	15
GRÁFICO 2: EVOLUCIÓN DAS CAPTURAS TOTAIS DE TIBURÓN EN TONELADAS POR PAÍS DOS PRINCIPAIS PRODUTORES EUROPEOS E MUNDIAIS ENTRE 2000 E 2017	16
GRÁFICO 3: Nº DE BUQUES NA FROTA PALANGREIRA DE SUPERFICIE ESPAÑOLA POR CALADOIROS A 31/12/2018	22

GRÁFICO 4: EVOLUCIÓN EXPORTACIÓNS (NETAS) ALETAS DE ESPAÑA, PORTUGAL, FRANCIA E EEUU ENTRE 2012 E 2017 .. 30

TÁBOA 1: DIFERENZA DE DATOS ENTRE FAO E DATACOMEX EN EXPORTACIÓNS NETAS DE ALETAS DE TIBURÓN, EN TONELADAS E ENTRE 2012 E 2017.....	13
TÁBOA 2: PRINCIPAIS TIBURÓNS CAPTURADOS POR ESPAÑA, PORTUGAL E FRANCIA ENTRE 2000 E 2017, EN TONELADAS ...	17
TÁBOA 3: IMPORTANCIA ESPAÑOLA NO MUNDO NA CAPTURA DE QUENLLA E MARRAXO DIENTUSO, EN TONELADAS E PORCENTAXE	18
TÁBOA 4: FLUXOS COMERCIAIS E PREZO POR TONELADA DOS PRODUTOS DERIVADOS DAS ALETAS DE TIBURÓN POR PAÍS E ANO, EN CANTIDADE (TONELADAS) E VALOR (USD 000).	19
TÁBOA 5: EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE PALANGREIROS DE SUPERFICIE GALEGOS EN PESCA INTERNACIONAL POR PORTO BASE EN 2019.....	23
TÁBOA 6: ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DE ESPAÑA ENTRE 2000 E 2011	29
TÁBOA 7: ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DE ESPAÑA, PORTUGAL, FRANCIA ENTRE 2012 E 2017	29
TÁBOA 8: ANÁLISE DE CUMPRIMENTO DE ESPAÑA ENTRE 2000 E 2011 COA PORCENTAXE DO 6,8% RECOMENDADO POLOS CIENTÍFICOS	31

Planificación

Outubro 2019							Novembro 2019							Decembro 2019						
L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6					1	2	3							1
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30		23	24	25	26	27	28	29
														30	31					

Xaneiro 2020							Febreiro 2020							Marzo 2020						
L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5						1	2							1
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	2	3	4	5	6	7	8
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	9	10	11	12	13	14	15
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	16	17	18	19	20	21	22
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29		23	24	25	26	27	28	29
														30	31					

Abril 2020							Maio 2020							Xuño 2020						
L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D	L	Ma	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5					1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31	29	30					

Xullo 2020						
L	Ma	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

	Asignación tema
	Reunións puntual con Gonzalo (titor)
	Reunións por videochamada con Hugo (titor)
	Consultas puntuais con Hugo (titor)
	Consulta expertos (IEO, OPPs, avogados, INE, ...)
	Recopilación información do tema
	Tratamento de datos e redacción

Introdución

O *finning*, ou “aleteo” é o corte das aletas dos tiburóns na actividade pesqueira, aproveitando só as aletas e descartando o resto do animal arroxándoo pola borda. A razón da existencia do finning baséase en incentivos económicos, xa que o valor das aletas é moi superior ao resto do tiburón. Nese sentido, o valor das aletas, as cales equivalen aproximadamente o 7% do corpo dun tiburón, poden chegar a representar o 40% do seu valor total de venda (Baker-Médard and Faber 2020; OSPESCA 2011). En todo caso, trátase dunha práctica prohibida. É preciso diferenciar o finning de “cernamento”, pois se refire ao simple corte de aletas conservando o corpo co fin de aproveitar mellor o espazo de bodega. A conservación do corpo é o factor diferencial entre ambos conceptos.

A realización deste traballo vese motivado por tratarse dun caso que afecta á frota de palangre de superficie, a cal é moi importante para Galicia ao depender desta numerosas familias de rexións locais costeiras, e tamén pola xestión sustentable do medio mariño e o seu coidado. Este estudo sobre pesca colle maior importancia por ser un sector estratéxico de Galicia (García-Negro et al., 2016; García Negro et al., 2018; Rodríguez Rodríguez et al., 2016).

A importancia dos tiburóns para España refléxase en dúas especies principais: a quenlla e o marraxo dientuso. A nivel mundial, España representa en media entre 2000 e 2017 o 54,14% da captura mundial de quenlla e o 41,29% en marraxo dientuso (Fishstat, 2020).

As lexislacións son o instrumentos necesarios para compatibilizar as variables económica, social e medio ambiente, etc. Así pois, o obxectivo deste traballo é valorar o cumprimento das políticas de finning por parte da frota española. Adicionalmente, comentaranse outros países.

A análise será en base os rexistros de comercio internacional de aletas de tiburón, nun marco temporal do ano 2000 ata 2020.

O traballo consta de cinco partes. Na primeira parte explícase a metodoloxía do traballo. É dicir, explícase detalladamente a creación dunha base de datos propia para esta análise, recollendo das estatísticas da FAO os datos de capturas totais de tiburón e os de exportación de aletas por país. Os datos de exportación de aletas teñen unhas limitacións metodolóxicas, motivo polo cal se usaron ferramentas para tratar de limalas, explícanse detidamente en “limitacións metodolóxicas”. Ante todo, intentamos solucionar estas limitacións coa información dispoñible. Por outro lado, tamén houbo que aplicar a porcentaxe do 5% fixada polo

regulamento europeo para poder chegar a uns resultados. A segunda parte será “desenvolvemento do traballo”, centrada na contextualización do finning, é dicir, en identificar as especies vítimas de finning e o motivo da súa existencia, os países e frotas involucradas, e as políticas tomadas así como a súa incidencia. A continuación expóñense os resultados logrados tras facer a análise, os cales serán discutidos na seguinte sección ao valorar unhas consideracións científicas. Finalmente, o traballo expón unhas conclusións.

Metodoloxía

O finning é unha actividade ilegal encadrándose dentro do que se coñece como Pesca Ilegal Non Declarada e Non Regulamentada (Pesca INDNR ou IUU Fishing). Un dos problemas da pesca INDNR é a inexistencia de datos, motivo polo cal os traballos relacionados, incluíndo os de finning, empregan estimacións froito da combinación de diferentes metodoloxías (FAO, 2018; Macfadyen et al., 2016). Entre esas metodoloxías destacan: enquisas e entrevistas con diferentes membros do sector, revisión de número de sancións e multas por pesca ilegal e finning, revisión dos diarios de abordo dos barcos, do número de capturas e análise do comercio intencional das especies susceptibles de explotación ilegal (FAO 2018).

Neste TFG utilizaremos unha metodoloxía similar a algúns traballos como o de Clarke et al. (2006), utilizando os rexistros de comercio internacional para analizar e estimar a pesca ilegal de tiburóns. En Dent & Clarke (2015) o fai empregando como “capturas totais” os datos do grupo “tiburóns, raias e quimeras” das estatísticas da FAO de cada país, mais neste TFG utilizaranse só os datos de tiburón para un estudo máis preciso.

Así pois, a partir da plataforma estatística da *Food and Agriculture Organization* (FAO) se extraeron os datos de capturas totais de todas especies de tiburón e as exportacións de aletas no período 2000-2017, para os principais países europeos e produtores/comerciantes do mundo. A elección do marco temporal de 2000-2017 débese a que nel encádranse as primeiras políticas antifinning, iniciadas con Estados Unidos no 2000 e en Europa no 2003.

Para a nosa análise asumimos que ao non existir consumo interno de aletas de tiburón na UE, todo o producido e importado será exportado/reexportado. Ademais, os membros da UE están amparados polas mesmas regras, polo que o estudo é aplicable e comparable entre os países europeos.

O elemento principal do traballo é a aplicación dunha porcentaxe (5%) establecida polo Regulamento Europeo Nº 1185/2003 de 26 de xuño de 2003. Esta ratio representa a proporción

de peso máximo de aletas con respecto ao peso total dos tiburóns. Así, aplicando a limitación do 5% a un tiburón de 100kg, implicaría que o peso máximo legal das aletas sería de 5kg.

Na estudo aplicarase o 5% sobre as capturas totais para comparalo cos datos de exportación. Se as exportacións das aletas son inferiores ao 5% asumimos cumprimento da norma.

Aínda que a norma do 5% só tivo vixencia de 2003 e 2013, na análise aplícase do 2000 a 2017 para comprobar se houbo ou non un cambio no rexistro de exportacións.

1 Limitacións metodolóxicas e de acceso á información

Os datos sobre capturas totais de tiburón foron facilmente accesibles a través da base de datos da FAO, mais para conseguir datos sobre as exportacións de aletas sucedéronse varias limitacións:

Para o período de análise previo a 2012 non se atoparon datos de ningún país europeo sobre o comercio de aletas de tiburón. No informe de Dent & Clarke (2015) preséntase unha estimación media bruta¹ anual de 2000-2011 das exportacións españolas de aletas de tiburón, en base aos rexistros de importación de países asiáticos. Esta media, que foi de 3.490 toneladas anuais, ponderarase para cada ano da serie analizada en relación ás capturas totais. Sen embargo, as 3.490 toneladas, ao ser un único dato, non permite diferenciar os produtos de aleta (conxelada, secas, etc.) xa que cada tipo supoñen diferentes pesos. Pois por exemplo, a aleta seca pode reducir o seu peso en catro respecto a unha conxelada (Dent and Clarke 2015).

No mencionado informe de Dent & Clarke (2015) non se estimaron as exportacións para os demais países europeos, só España. Portugal e Francia serían países que tamén interesarían coñecer dado que son os outros dous grandes produtores de tiburón en Europa. O resto de países europeos teñen uns rexistros de captura residuais ou nulos.

Ante a inexistencia desta información nas bases de datos consultadas (FAO, OCDE, EUROSTAT (DATACOMEX) e no ICCAT), optouse por solicitala contactando a través de correo electrónico á FAO, Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INEpt) e Francia (INSEE), e ó KNOEMA (outra base de datos). Só responderon o INEpt e o KNOEMA mais, non achegaron a información necesaria.

Segundo Dent & Clarke (2015), esta carencia de datos na UE débese a que se empregaba unha soa codificación aduaneira para o tiburón, non diferenciando os seus derivados, neste caso carne e aleta. En 2012 a Organización Mundial de Aduanas (OMA) aplica unhas codificacións estandarizadas no mundo, entre as que se inclúe a distinción entre aletas e carne de tiburón (Dent & Clarke, 2015).

¹ A estimación é en valores brutos xa que asumen importacións cero de España cando existen buques de distinta bandeira que desembarcan en España, sendo isto unha importación. Pois hase de ter en conta que as exportacións procedentes de España non se corresponden só a capturas da frota española, xa que España é un mercado intermedio que redirixe capturas de outras bandeiras cara os países asiáticos.

Así pois, a partir de 2012 si existen datos referidos ó comercio de aletas polos países europeos. Actualmente existen ata 2017, pois extraínnos tanto en DATACOMEX como en FAO, cuns datos diferentes entre eles (Táboa 1). Na análise empregaranse os datos da FAO para usar unha fonte homoxénea, tanto en capturas totais como en datos comerciais. Os valores empregados serán saldos netos.

Táboa 1: Diferenza de datos entre FAO e DATACOMEX en exportacións netas de aletas de tiburón, en toneladas e entre 2012 e 2017

		2012	2013	2014	2015	2016	2017
DATACOMEX	España	33,36	50,19	-0,05	13,04	56,52	-26,38
FAO		-65	117	25	95	78	1.839
DATACOMEX	Portugal	-76,13	-39,06	-3,29	-1,02	-0,45	-16,05
FAO		36	39	58	59	66	82
DATACOMEX	Francia	15,06	-0,29	-0,01	5,04	-0,08	17,00
FAO		-2,00	1	0	0	0	9

Fonte: elaboración propia a partir de FishStatJ (FAO) e DATACOMEX

Na Táboa 1 tamén se pode observar que os valores de ambas fontes son moi baixos en proporción ás capturas. Exemplificando a idea, se lle aplicamos o 5% ao rexistro de España de 2016 (61.321 toneladas) daría 3.066T de aletas, cifra moi distante das 78T e 56,52T que mostran as estatísticas da FAO e DATACOMEX. Esta consideración motivou a contactar novamente á FAO, á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), e tamén ao Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), mais só obtiven resposta deste último pero sen información que puideran explicar estas cifras. Ademais, tamén se tentou buscar á inversa: comprobar a procedencia das importacións de Hong Kong, xa que segundo Dent & Clarke (2015) é a principal rexión principal importadora de aletas de España. Tampouco se conseguiu acceder a estes datos.

Pois, os datos oficiais de exportación (2012-2017) non son comparables cos da estimación do período previo a 2012. Por este motivo, a análise deste período non é posible.

Por outra parte, co fin de limar as limitacións, fíxose unha serie de entrevistas a expertos, tanto científicos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) como lexislativos (avogados, xuristas e profesores universitarios). Este método é moi utilizado para achegar información sobre o sector pesqueiro galego (Ballesteros and Rodríguez-Rodríguez 2018a, 2018b; García-Negro et al. 2016; Rodríguez-Rodríguez et al. 2019).

Tamén contactouse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España (MAPA) e á Consellería do Mar da Xunta de Galicia para obter os datos estatísticos sobre a evolución do emprego no sector palangreiro e a evolución do número de buques palangreiros por porto base e caladoiro, mais só se obtivo resposta da Consellería. E, por último, tamén se entrevistou á Organización de Palangreiros Guardeses (ORPAGU)² para coñecer a situación dos pesqueiros.

² Organización de Produtores Pesqueiros número 49 (OPP.49)

Desenvolvemento do traballo

2 Pesca, contextualización do finning, e impacto económico das políticas anti-finning

2.1 Peso económico da pesca

O sector pesqueiro é un sector vital e estrutural para a economía galega dada a súa interconexión directa con outras 74 ramas de actividade dos que consume inputs e abastece outputs (García-Negro et al., 2016; García Negro et al., 2018; Rodríguez Rodríguez et al., 2016). Deste xeito, o PIB da pesca non é representativo para analizar a súa importancia, pois non valora que outros sectores importantes dependen da pesca. Moitas familias de localidades costeiras españolas, sobre todo galegas, dependen do mundo mariñeiro directa e indirectamente.

Unha parte importante da pesca se dedica ás especies peláxicas entre as que se inclúe o tiburón, sendo das especies máis vulnerables do finning. Sen embargo, tiburón engloba unha listaxe moi grande de especies, polo que a continuación se definirán cales son as máis representativas, onde habitan e as súas características comerciais. Así tamén, falarase do palangre de superficie xa que é a arte de pesca máis especializada en especies peláxicas e no tiburón.

Por último, dada a importancia da pesca para a economía, debe considerarse o impacto das políticas antifinning sobre a frota palangreira, polo que tamén se tratará a continuación.


2.2 Especies susceptibles de finning, caladoiros e evolución da captura de tiburóns

A demanda e captura do tiburón intensificáronse nas últimas décadas do s. XX. Durante este período, frota de moitas bandeiras e en tódolos océanos practicaron finning dado o alto valor das aletas de tiburón e non existir gran demanda da carne do animal (baixo valor relativo).

Sen embargo, a globalización económica, o incremento da demanda e as regulacións antifinning, promoveron a ampliación do mercado deste animal (Dent and Clarke 2015; Mejuto and García-Cortés 2004).

A mediados dos anos 80 as capturas de tiburóns de España representaban o 10% do valor de primeira venta por marea por un 17-45% na actualidade. Esta marxe é tan ampla debido á variable “zona de pesca” (Índico, Atlántico, Mediterráneo...) e tamaño da frota (Rodríguez Rodríguez & García Negro, 2019). No Gráfico 1 pódese apreciar o incremento da pesca de tiburóns, explicando esa crecente representatividade no valor de venta por marea.

Gráfico 1: Evolución captura de tiburón de España en toneladas entre 1950 e 2017




Fonte: Elaboración propia a través dos datos da FAO

As capturas totais medias de tiburóns de España entre 2000 e 2017 foron de 56.714,5 toneladas, alcanzando uns picos de 90.000T en 2012 e 2013. Estes valores son moi distantes dos seus competidores europeos: Portugal cunha media de 12.016,2T e Francia 7.104T (FAO).

Fóra da UE, destaca Xapón cunha media de 18.662t, tamén moi lonxe dos valores españois (Gráfico 2). De tódolos xeitos, de acordo con Dent & Clarke (2015), hai países asiáticos nos que existe unha pantalla de datos, polo que os valores poden non reflexar a realidade. Sobre este aspecto, Gutiérrez et al. (2020) conclúen que a frota de longa distancia de China é entre 5 e 8 veces maior do que afirma o país. Nesta liña, asociacións comunitarias desconfían que os valores de captura dos países asiáticos representan en realidade aletas ao afirmar que fan finning, dada a negativa destes países a prohibilo e non declarar (Amoedo 2015).

Gráfico 2: Evolución das capturas totais de tiburón en toneladas por país dos principais produtores europeos e mundiais entre 2000 e 2017



Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

Aínda que existe unha variedade moi ampla de tiburóns, as especies máis comercializadas polo pesca europea son o marraxo e a quenlla (Ilustración 1, Táboa 2). A quenlla é a máis capturada. España é o país que máis pesca ambas especies de toda no mundo. En termos porcentuais, a quenlla representa en torno o 80% das capturas españolas e portuguesas de tiburón no período 2000-2017. Sen embargo, Francia rexistra un 2,43% nesta especie, sendo o melgacho o máis pescado (75,47%). No referido ós marraxos, o dientuso representa o 7,51% e 10,26% para España e Portugal respectivamente, mentres que Francia rexistra un 0,05% (Táboa 2). O marraxo sardiñeiro (*lamna nasus*) móstrase na táboa para mostrar a súa distinción co marraxo dientuso. Corrobórase ademais a súa baixa captura e nula a partires de 2014, xa que neste ano a lei DS 030-2005 AG, CoP16-CITES prohibiu a súa captura xunto o tiburón martillo (*sphyrna lewini-mokarran-zygaena*) e o oceánico (*Carcharhinus longimanus*). Sen embargo, é probable que os datos do sardiñeiro sexan en realidade do dientuso, pois científicos detectaron estes erros nas estatísticas da FAO (Mejuto and Fernández-Costa 2010).

Ilustración 1: Especies de tiburón máis comercializadas polo palangre de superficie



Fonte: elaboración propia cos datos de Agricultura, alimentación y medio ambiente, 2016

Táboa 2: Principais tiburóns capturados por España, Portugal e Francia entre 2000 e 2017, en toneladas

REXIÓN	España				Portugal				Francia						
NOME CIENTÍFICO	Prionace glauca	Isurus oxyrinchus	Lamna nasus	TOTAL TIBURÓNS	Prionace glauca	Isurus oxyrinchus	Lamna nasus	Centrophorus squamosus	TOTAL TIBURÓNS	Prionace glauca	Isurus oxyrinchus	Lamna nasus	Squalidae	Scyliorhinus canicula	TOTAL TIBURÓNS
NOME COMÚN	Quenlla	Marraxo dientuso	Marraxo sardiñeiro		Quenlla	Marraxo dientuso	Marraxo sardiñeiro	Lixa negra		Quenlla	Marraxo dientuso	Marraxo sardiñeiro	Eseuáidos	Melgacho	
2000	34.124	3.094	20	51.600	4.195	659	16	1.965	7.400	396	-	410	4.236	5.944	11.505
2001	26.326	3.068	28	48.676	4.663	513	5	1.921	7.927	207	-	368	4.211	6.284	11.547
2002	25.473	4.197	123	36.693	4.575	263	16	2.527	8.169	112	-	463	2.006	5.747	8.770
2003	28.372	3.704	104	34.665	5.608	1.148	4	795	8.462	134	-	434	866	5.509	7.409
2004	30.917	4.546	96	39.090	5.153	473	63	631	7.316	103	-	410	705	5.611	7.297
2005	26.384	3.041	48	31.875	8.371	1.175	10	592	11.135	121	-	276	845	5.819	7.451
2006	29.688	3.098	41	35.021	9.416	1.685	6	640	12.134	134	-	213	601	5.486	6.920
2007	31.822	3.087	35	37.237	12.034	2.337	2	410	15.422	167	-	356	690	5.742	7.435
2008	36.850	3.229	316	43.573	11.902	1.644	1	425	14.664	119	-	311	341	5.136	6.421
2009	43.510	4.369	228	50.353	11.976	1.710	17	211	14.719	119	23	305	72	5.383	6.923
2010	59.100	4.118	70	66.875	14.366	1.833	-	214	16.854	124	16	9	50	5.572	6.757
2011	79.604	4.949	6	86.627	14.073	1.597	-	205	16.606	116	5	2	16	5.518	6.298
2012	89.020	4.858	58	96.635	9.656	1.591	-	160	12.124	151	1	27	5	4.879	5.621
2013	89.483	5.730	-	98.877	6.948	1.401	-	72	9.040	220	5	13	3	5.230	5.999
2014	68.927	7.400	-	80.225	8.791	955	-	84	10.221	137	6	2	4	5.218	5.856
2015	54.403	4.162	-	63.669	9.727	979	-	-	10.848	265	1	-	3	4.757	5.518
2016	52.783	4.722	-	61.321	15.664	1.037	-	-	16.830	355	6	-	5	4.693	5.525
2017	49.734	5.281	-	58.849	15.066	1.185	-	16	16.421	126	1	-	7	3.978	4.625
Media	47.584,4	4.258,5	90,2	56.714,5	9.565,8	1.232,5	14,0	603,8	12.016,2	172,6	3,6	199,9	814,8	5.361,4	7.104,3
%s/total	83,90%	7,51%	0,16%	100,00%	79,61%	10,26%	0,12%	5,02%	100,00%	2,43%	0,05%	2,81%	11,47%	75,47%	100,00%

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

A nivel mundial, España representa en media entre 2000 e 2017 o 54,14% da captura mundial de quenlla e o 41,29% en marraxo dientuso (Táboa 3). É dicir, España representa a metade mundial.

Táboa 3: Importancia española no mundo na captura de quenlla e marraxo dientuso, en toneladas e porcentaxe

Nome	Quenlla mundo	Marraxo mundo	Quenlla España	Quenlla España s/ mundo	Marraxo España	Marraxo España s/ mundo
2000	50.982	6.256	34.124	66,93%	3.094	49,46%
2001	44.380	6.227	26.326	59,32%	3.068	49,27%
2002	44.454	7.955	25.473	57,30%	4.197	52,76%
2003	48.437	9.462	28.372	58,58%	3.704	39,15%
2004	55.774	8.693	30.917	55,43%	4.546	52,29%
2005	59.990	8.955	26.384	43,98%	3.041	33,96%
2006	63.074	8.287	29.688	47,07%	3.098	37,38%
2007	75.603	8.936	31.822	42,09%	3.087	34,32%
2008	81.437	7.921	36.850	45,25%	3.229	40,77%
2009	89.216	11.694	43.510	48,77%	4.369	37,36%
2010	110.182	11.813	59.100	53,64%	4.118	34,86%
2011	132.604	14.192	79.604	60,03%	4.949	34,87%
2012	135.647	13.562	89.020	65,63%	4.858	35,82%
2013	137.973	13.111	89.483	64,86%	5.730	43,70%
2014	120.530	14.608	68.927	57,19%	7.400	50,66%
2015	103.471	11.757	54.403	52,58%	4.162	35,40%
2016	110.173	12.865	52.783	47,91%	4.722	36,70%
2017	103.528	11.851	49.734	48,04%	5.281	44,56%
Media	87.081	10.456	47.584	54,14%	4.259	41,23%

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

2.2.1 Prezos de carne e aletas de tiburón e destinos de consumo

As aletas de tiburón son un produto valioso representando aproximadamente o 5-7% do peso do animal e equivalendo ao 40% do valor económico (Baker-Médard and Faber 2020). Xustifícase así o incentivo económico a facer finning.

O valor das aletas pode variar segundo sexan comercializadas, é dicir, poden venderse como secas procesadas/sen procesar, ou conxeladas procesadas/sen procesar. As secas procesadas son as máis caras, rexistrando unha media de 52 USD/kg e un máximo de 116USD/kg en 2012. As seguintes máis valoradas son as conxeladas procesadas cunha media de 48 USD/kg. Destacar que o peso das aletas conxeladas cuadruplica o peso das secas debido á auga (Dent and Clarke 2015).

Desglosando e analizando os fluxos comerciais entre 2012 e 2016 por produto derivado de aleta obtense a táboa 12. Compróbase que España e Portugal exportan case na totalidade aletas “salgadas e en salmoira pero non secas ou afumadas”. Sen embargo, no 2017 este derivado ten exportacións cero en favor do derivado “conxeladas” e “frescas”, que tomaban valor cero nos anos anteriores (Táboa 4).

Táboa 4: Fluxos comerciais e prezo por tonelada dos produtos derivados das aletas de tiburón por país e ano, en cantidade (toneladas) e valor (USD 000).

PAÍS	FLUXO	ALETAS DE TIBURÓN	2012		2013		2014		2015		2016		2017		
			Q(t)	USD	Q(t)	USD	Q(t)	USD	Q(t)	USD	Q(t)	USD	Q(t)	USD	
E S P A Ñ A	Export	secas, salgadas ou non, etc.	5	9	-	-	-	-	-	-	-	-	116	6.660	
		frescas ou arrefriadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	13	12
		conxeladas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1.789	21.834
		preparadas ou conservadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	14
		salgadas e en salmoira pero non secas ou fumadas	57	1.756	137	3.606	25	1.409	98	6.860	78	4.927	-	-	
	Sub-total Export	62	1.765	137	3.606	25	1.409	98	6.860	78	4.927	1.919	28.520		
	Import	secas, salgadas ou non, etc.	-	3	-	1	-	-	-	1	-	2	28	609	
		conxeladas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	49	512	
		preparadas ou conservadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	38	
		salgadas e en salmoira pero non secas ou fumadas	127	613	20	28	-	-	3	40	-	-	-	-	
Sub-total Import		127	616	20	29	-	-	3	41	-	2	80	1.159		
SALDO			- 65	1.149	117	3.577	25	1.409	95	6.819	78	4.925	1.839	27.361	
P O R T U G A L	Export	secas, salgadas ou non, etc.	-	-	-	-	-	-	-	-	2	27	3	34	
		frescas ou arrefriadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	27	232	
		conxeladas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	81	783	
		preparadas ou conservadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
		salgadas e en salmoira pero non secas ou fumadas	36	446	39	236	58	421	59	535	64	626	-	-	
	Sub-total Export	36	446	39	236	58	421	59	535	66	653	111	1.049		
	Import	conxeladas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	6	53	
Sub-total Import	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	23	137		
SALDO			36	446	39	236	58	421	59	535	66	653	82	859	
F R A N C I A	Export	secas, salgadas ou non, etc.	-	1	1	8	-	1	-	1	-	-	-	-	
		frescas ou arrefriadas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	12	62	
	Sub-total Export	-	1	1	8	-	1	-	1	-	-	12	62		
	Import	secas, salgadas ou non, etc.	2	30	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
		conxeladas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	7	
Sub-total Import	2	30	-	-	-	-	-	-	-	-	3	7			
SALDO			- 2	- 29	1	8	-	1	-	1	-	9	55		

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

As ilustracións 2 e 3 son moi representativas mostrando os fluxos comerciais de aleta e carne de tiburón por procedencia e destino entre 2000 e 2011. Na ilustración 2 compróbase que os principais exportadores de aletas son España e os países do sudeste asiático, sendo estes últimos tamén os importadores únicos e consumidores (China, Hong Kong, Taiwán, Singapur, Malasia e Vietnam). Hong Kong acapara un 50% aproximadamente do comercio mundial de aletas ao ser o porto de entrada a Asia oriental.

Ilustración 2: Comercio mundial de aleta en procedencia e destino entre 2000 e 2011. O grosor das frechas como representatividade do peso das transaccións



Fonte: Dent and Clarke, 2015

Por outro lado, a carne de tiburón se comercializa fresca, seca, salgada, conxelada e afumada. En España, a carne de marraxo custa ó redor de 14 USD/kg fresco por 5 USD/kg conxelado, sendo o dobre de caro que a carne de quenlla (CITES 2019). A demanda de produtos de carne de tiburón, que se incrementou nun 42% en volume entre 2000 e 2011, ten un consumo máis amplo xeograficamente, destacando Brasil, China, Hong Kong, Uruguai e en menor medida Europa con Italia como maior importador da UE (Dent & Clarke, 2015).

Ilustración 3: Comercio mundial de carne en procedencia e destino entre 2000 e 2011. O grosor das frechas como representatividade do peso das transaccións




Fonte: Dent and Clarke, 2015

Ademais, dos tiburóns tamén se aproveitan as mandíbulas e cabezas para decoración e ornamento, non desperdiciando ningún derivado da especie (CITES 2019).

2.3 A frota de palangre de superficie: importancia económica para Galicia, relación co finning e efectos da normativa antifinping

“O palangre de superficie é considerada como a arte de pesca máis selectiva e limpa no mundo ao non emitir residuos, non deteriorar o fondo mariño e rexistrar unha baixa captura incidental” (CEPESCA and Sánchez n.d.). A selectividade baséase no emprego de anzois con cebo de distintos tamaños en función da especie á que se dirixe (Ilustración 4).

Ilustración 4: Descrición gráfica do palangre de superficie (esquerda) e de fondo (dereita)



Fonte: *La pesca con palangre ¿Que es y como se realiza?*, n.d.

O palangre de superficie pode vincularse co finning ao ser unha pesca moi dirixida ao tiburón, ademais do peixe espada. Porén, ningunha frota está exenta de facer finning. Por exemplo, a pesca de arrastre, polas características da arte, ten un alto grado de pesca incidental³ podendo capturar tiburóns e aproveitar as aletas para sacar valor.


En canto a frota española, os barcos que consideraremos son os de palangre de superficie de tamaño 25 ou máis metros de eslora, contando cunha tripulación media de 10 persoas (ARVI 2015). Nos inicios desta frota só se dirixía ao peixe espada e as augas faenadas eran as nacionais e internacionais do Océano Atlántico e Mediterráneo, mais ante a inestabilidade de prezos no mercado internacional deste peixe e un cambio na súa regulación do ICCAT, a frota viuse obrigada a expandir a máis caladoiros e capturar especies asociadas (quenllas e marraxos principalmente) para rendibilizar a frota (CEPESCA and Sánchez n.d.).

Galicia foi a Comunidade Autónoma (CCAA) que asumiu case na totalidade a expansión a outros caladoiros (Gráfico 3). Actualmente, o 60% dos palangreiros galegos faenan en caladoiros

³ Especies capturadas durante a pesca de outras, é dicir, que non son o seu branco de pesca (FAO Fisheries & Aquaculture n.d.)

internacionais, requirindo buques cunha eslora mínima aproximada de 25 metros para adecuarse a grandes distancias de recorrido e pasar longas tempadas no mar. É dicir, Galicia, ademais de ser a CCAA con maior representatividade en frota de palangre de superficie, tamén se caracteriza polas facultades técnicas e operativas (Lagos Rodríguez 2018).

Gráfico 3: Nº de buques na frota palangreira de superficie española por caladoiros a 31/12/2018



Fonte: Elaborado por Rodríguez Rodríguez & García Negro, 2019 cos datos do MAPA

2.3.1 Efectos na rentabilidade da normativa antifinning, evolución no número de buques palangreiros e emprego

Esta parte reflexa a importancia de estudar a vertente socioeconómica das políticas. Pois o impacto das normativas antifinning sobre a rentabilidade das empresas armadoras, ligado ó número de buques e emprego, é un dos puntos máis importantes que motivan a facer este traballo, xa que ademais, segundo ARVI (2015), as empresas armadoras galegas de palangre de superficie á que nos referimos son PYMES nas que calquera cambio operativo supón un incremento dos costes de explotación ao ser son empresas familiares nas que o patrón soe ser un membro da familia.

Pois, para averiguar o impacto económico da política vixente de aletas adheridas fixéronse dous estudos: un da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que estima unha perda de beneficio de 10 millóns para a frota de palangre galega, e outro publicado por ARVI estimando un sobrecoste de 14 millóns.

Segundo ARVI (2015), esta redución nos beneficios medios tivo un forte impacto sobre a viabilidade económica da frota, o que supuxo que só en Galicia entre 2014 e 2015 se solicitaran 32 paralizacións definitivas. O Estado prestou unha mellora de 28 millóns para evitar a perda de emprego a 320 tripulantes, e máis de centos de empregos indirectos en terra, aínda que como se viu no punto “Evolución no número de buques palangreiros e emprego”, non se puido evitar o peche de numerosas empresas significando miles de despedidos en Galicia e España. Galicia, é unha das rexións máis afectadas de toda a contorna europea (ARVI 2015).

No informe da USC de Rodríguez Rodríguez and García Negro (2019), constata e desagrega os motivos deste impacto, tanto sobre o ingreso como sobre o coste:

- Redución do ingreso:
 - Redución no espazo de bodega nun 10% (o IEO en 2014 estimou unha redución de un 9-12%).
 - Merma do tronco: o corte en fresco é máis preciso e fácil, mentres que sobre conxelado o corte é imperfecto, supoñendo unha perda de 300-400gr por peza.
- Aumento dos costes:
 - O corte da aleta en terra supón un servizo adicional que custa en media 37,75€/tonelada.
 - Incremento dos costes de transporte ao precisar máis contedores que desprazan as capturas dende o porto de desembarque aos frigoríficos.
 - Polo menos 1.500€ por marea en rede ou flexe.
 - Perda de valor das aletas danadas: rotura das aletas na descarga, corte menos limpo, etc.; neste caso podería descender o prezo de 12-15€/kg a 5€/kg.
 - Maior coste de descarga.

Estas perdas de beneficios incidiron no peche de empresas. En 2018 España contaba con 200 palangreiros de superficie (121 en caladoiro nacional por 79 en internacionais), dos cales 116 eran galegos (49 en caladoiro nacional e 67 en internacionais) (Datos MAPA e Consellería do Mar da Xunta de Galicia). Como os buques ós que nos referimos son de caladoiro internacional, e 67 de 79 son galegos, a continuación referímonos ós galegos. Así, coa Táboa 5, compróbase dita incidencia negativa no número de buques rexistrados pasando de 87 en 2009 ós 67 actuais.

Táboa 5: Evolución da distribución de palangreiros de superficie galegos en pesca internacional por porto base en 2019

Zona	Porto base	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Zona I - Vigo		51	52	58	62	61	63	58	60	60	59	55	49	44	43	44	44
	A Guarda	31	30	30	33	32	30	28	28	28	28	26	25	20	20	20	20
	Baiona	1	1	1	1	1											
	Vigo	19	21	27	28	28	33	30	32	32	31	29	24	24	23	24	24
Zona II - Pontevedra		1	2	2	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
	Marín	1	2	2	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Zona III - Arousa		6	6	5	6	6	7	6	6	6	6	6	6	7	6	7	7
	Ribeira	6	6	5	6	6	7	6	6	6	6	6	6	7	6	7	7
Zona VII - Coruña-Ferrol		3	5	5	5	5	6	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5
	A Coruña	3	5	5	5	5	6	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5
Zona IX - Mariña lucense		8	7	7	8	9	9	7	7	7	7	9	9	11	10	10	10
	Burela	6	6	6	7	7	7	4	4	4	4	4	4	5	5	5	5
	Celeiro	2	1	1		1	1	2	2	2	2	4	4	5	4	4	4
	San Cibrao				1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
TOTAL		69	72	77	83	83	87	77	79	79	78	76	70	68	65	67	67

Fonte: Consellería do Mar (Xunta de Galicia), 2020

Coa Táboa 5 tamén se poden destacar as rexións máis produtivas e dependentes desta arte, pois destacan Vigo e A Guarda, nesta última ten sede ORPAGU, que, con 37 buques

asociados actualmente (hai máis asociados dos que teñen porto base na Guarda), conforma das Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPP) máis importantes do mundo nesta arte de pesca (ORPAGU n.d.).

Para valorar esta redución da frota, hase de considerar os buques como unidades produtivas importantes para a economía galega. Segundo García-Negro et al., 2016; Rodríguez Rodríguez et al., (2016), a desaparición dun buque de altura ou gran altura afecta directamente a outros 74 sectores dependentes da pesca (xestorías especializadas, transportes de fresco, empresas de aprovisionamento, técnicos navais, etc.). O tamaño dos buques ós que nos referimos se asemella a un arrastreiro de litoral, o cal pode proporcionar ó redor de un millón de euros á comunidade (Ballesteros, Rodríguez Rodríguez, and García-Negro 2016), ademais dos impostos que recaen nas arcas do Estado.

En termos de emprego, estimando 10 mariñeiros por barco (ARVI 2015), significan 200 empregos directos a bordo, pero habería que considerar tamén os indirectos, agravándose máis a situación. Destes tripulantes quizais existan recrutados doutros países.

Deste xeito, o sector pesqueiro, ó igual que a meirande parte das demais actividades económicas, viuse afectado pola crise de 2008 (Freire 2009). Mais, interprétase unha acentuación da declive a partires de 2012, posiblemente debido á inviabilidade económica xerada durante a crise de 2008 e profundada polos efectos da normativa de 2013, efectos que se explicarán no seguinte punto (ARVI 2015).

3 Gobernanza do mar e lexislación referente ao finning e pesca de tiburón

Dado que o TFG ten como obxectivo a valoración do cumprimento da normativa antifinping, neste epígrafe se explican as referidas leis. En primeiro lugar sintetízase o sistema de gobernanza e xestión do mar para entender a creación das leis antifinping.

Comezando, a meirande parte da frota á que nos referimos supera as Zonas Económicas Exclusivas (ZEE)⁴, é dicir, faenan en augas internacionais, polo que a gobernanza do mar é moi complexa, existindo desigualdades lexislativas. Un dos principais problemas da Gobernanza do Mar dáse na Convención das Nacións Unidas (ONU) sobre o Dereito do Mar (CONVEMAR)⁵ de 1982 ao conceder unha gran flexibilidade aos Estados para que xestionen as poboacións de peixes compartidas a conveniencia, polo que algúns países aproveitan a non actuar ou non legislar sostiblemente. Por ese motivo, nacen as OROP para tratar que os países traballen conxuntamente. Actualmente existen 57 OROP, das cales 11 creáronse no marco da FAO.

⁴ Na UE, coa Resolución do Consello Europeo da Haya, do 3 de novembro de 1976, os entón membros da CEE acordaron proclamar as ZEE de 200 millas no Atlántico Norte e outórgase a competencia exclusiva á actual UE en materia de relacións exteriores. Pois, a participación da UE nas OROP enmárcase nas relacións exteriores. Ás veces esta condición perxudica a representación da UE ao adoptar só un voto nas decisións das OROP (Iglesias Berlanga 2017)

⁵ Tamén abreviada por CNUDM e UNCLOS, é a Carta Magna dos mares da que forman parte 166 Estados, orientada á conservación e administración dos recursos vivos en alta mar.

No referido ós tiburóns, a FAO adoitou en 1999, no marco do Código de Conducta para a Pesca Responsable, o Plan de Acción internacional para a conservación e a ordenación dos tiburóns (PAI-Tiburóns). Este plan non é vinculante, mais orienta aos estados nos seus plans de conservación, xestión e explotación sostible dos tiburóns a longo prazo (Comisión Europea 2009). Estas orientacións asumírona rexións como a UE en 2003 e 2013. Estas requirindo por lei equivalencias de peso das aletas respecto ao peso corporal, co propósito de evitar o finning e crear unha pesca sustentable (Mejuto and García-Cortés 2004).

España e os membros da Comunidade Europea están sometidos ás mesmas leis da UE⁶, encadradas na Política Pesqueira Común (PPC). Sen embargo, a UE segue á súa vez os plans de xestión das mencionadas Organizacións Rexionais de Pesca (ORP) e Organizacións Rexionais de Ordenación Pesqueira (OROP)⁷, que posteriormente a UE asume en forma de TACs e cotas⁸ para repartilas aos países comunitarios.

A UE forma parte de 16 OROPs, un número importante tendo en conta que 10 xestionan as augas continentais e outras non permiten a inclusión de Estados que non compartan augas (Iglesias Berlanga 2017). Ademais, a maioría de especies mariñas están baixo unha ou máis OROP (OCDE 2007). *“España, como gran potencia pesqueira, pertence ou participa en todas as Organizacións onde ten presenza a frota española. Na maior parte delas, a parte contratante que representa é a UE (NAFO, NEAFC, ICCAT, CTOI, SEAFO, WCPFC) [...]”* (MAPA n.d.). Véxanse a Ilustración 5 para localizar a zona de cada organismo:


⁶ Se o buque pertence a pavillón comunitario está sometido ás leis da UE, aínda que se faene en augas extracomunitarias ou en augas internacionais, e/ou tendo como porto de destino un país foráneo (artigo 117 da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar e sen prexuízo da responsabilidade última do Estado do pavillón).

- Pavillón: bandera nacional onde esté rexistrado o buque (Marinos.es 2016).

⁷ “Organismos ou acordos intergubernamentais de pesca con autoridade para establecer medidas de conservación e xestión de pesqueiras en alta mar [...], principal ferramenta para conseguir a cooperación entre nacións pesqueiras”. As funcións que teñen son: a investigación e asesoramento en materia pesqueira, a pesca continental e mariña e a conservación de outras especies mariñas. (OCDE 2007)

⁸ “Totais Admisibles de Capturas (TAC) son unha ferramenta efectiva e xusta para o control da pesca, xa que limita as capturas, actualizándose anualmente a maioría e se establecen en base a ditames científicos de organismos consultivos como o CIEM e o CCTEP. Repártense entre os países da UE en forma de cotas nacionais aplicando unha porcentaxe diferente por país. Pero os países da UE poden intercambiarse cotas entre si” (Comisión Europea n.d.).

Ilustración 5: ORPs que xestionan especies altamente migratorias (imaxe superior) e ORPs que xestionan poboacións por zonas xeográficas (imaxe inferior)



Fonte: Regulación por ORPs | Pescalex, n.d.

Sen embargo, o dereito dos Estados a non pertencer a unha OROP deteriora a eficacia e finalidade dunha xestión sostible. Para combatelo, os Estados membros das OROP prohiben o desembarco nos seus portos aos non membros, así como aos que non teñan dereito a enarborar a súa bandeira ou os incluídos nas listaxes de pesca de INDNR que dispón cada OROP. En caso de permitilo, débese acreditar que se faenou conforme as normas de conservación da OROP (Iglesias Berlanga 2017).

Enfocando esta información ao finning, aínda que os Estados membros das OROP neguen acceso ao colectivo non cooperante, é posible que estes cooperen entre eles para establecer relacións comerciais en puntos xeográficos estratéxicos de desembarque. Por exemplo: sabendo que os centros de consumo de aletas están en Asia oriental (moi distante xeográficamente do Atlántico), é posible que estes cooperen cos países atlánticos (ou próximos) que non pertencen ás OROP para poder desembarcar nos seus portos, tales como Guinea, Liberia, Libia, Panamá, etc. Algúns destes países están incluídos na listaxe INDNR do ICCAT, na que tamén aparecen, algúns buques chinos, indonesios, vietnamitas, etc., que usan ditos portos (Comisión Europea n.d.; MAPA n.d.). De tódolos xeitos, non todos as frotas destas rexións actúan malamente, nin todos os buques dos membros cooperantes son legais, de feito, hai buques dos países cooperantes incluídos nas listaxes.

Disto, os grandes prexudicados son as frotas cumpridoras: a pesca INDNR non permite a eficacia dos plans de xestión sustentable respectados polas frotas membras das OROP (en xeral), provocando importantes reducións na poboación de tiburóns (e máis peixes), e por conseguinte inviabilidade económica. Por isto, empresas armadoras esixen unha igualación global das regras,

como ORPAGU denunciando o que lles confronta esta situación ao “*ser soamente responsable do 7% das capturas e deixando sen medidas ao 93%*” (ARVI 2015; Europaazul 2017).

3.1 Evolución da lexislación europea sobre finning

Neste punto refléxase concretamente os avances normativos tomados no marco da UE dende o 2000. As leis máis importantes para a nosa análise serán dúas: a de 2003 e a de 2013.

Así pois, no ano 2000 a normativa vixente en materia de finning era o Regulamento (CEE) Nº3760/92. Este sería modificado polo novo Regulamento (CE) Nº2371 do Consello de 20 de decembro de 2002 sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da PPC. Pero estes non establecen ningunha limitación ou requisito en relación ao “aleteo”, motivo polo cal ó ano seguinte modificaríase dando lugar ao Regulamento (CE) Nº1185/2003 do Consello do 26 de xuño de 2003 sobre o corte das aletas dos tiburóns nos buques.

Esta nova lei de 2003 prohibe cernar, comprar ou vender as aletas dos tiburóns nos buques, e manter a bordo, transbordar ou desembarcar aletas de tiburón (Artigo 3). Sen embargo, recolle unhas exencións para poder cernar a bordo no caso de que os tiburóns estivesen mortos e o procesado das partes do animal fose máis eficaz. Para adoptar estas exencións habería que obter uns permiso especiais.

En todo caso queda prohibido o finning (Artigo 4.3). Por iso, para asegurarse da boa práctica, establécese no artigo 4.4 e 4.5 unha relación de peso das aletas e os corpos. Concretamente, o peso das aletas non será en ningún caso superior ao seu peso teórico, sendo o peso teórico o 5% do peso vivo das capturas de tiburón, ademais da obriga de anotar as cantidades de aletas e de todas as partes dos tiburóns unha vez eviscerados e decapitados.

Esta lei tivo vixencia ata 2013, momento no cal se aproba o “Regulamento (UE) Nº 605/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de xuño de 2013, polo que se modifica o Regulamento (CE) Nº 1185/2003 do Consello do 26 de xuño de 2003 sobre o cernamento das aletas dos tiburóns nos buques”. Esta é coñecida como “política de aletas adheridas”, foi motivado por unha serie de consideracións entre as que se pode destacar a clasificación da quenlla como “case ameazada” e o marraxo como “vulnerable” por parte da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN); e sobre todo o difícil control ao poder desembarcar as aletas e corpo en diferentes portos. Así entón, suprime as exencións que tiveron vixencia durante 10 anos. É dicir, non se poderán cernar completamente antes do desembarque, mais si se permite un cernamento parcial para poder dobralas cara o canal (corpo) e facilitar o almacenamento a bordo (Ilustración 6). Para maior supervisión, a UE require un informe anual que recolla o número de desembarques de tiburón, co número, data e lugar das inspeccións, así como o número e carácter dos casos de incumprimento detectados.

Ilustración 6: Imaxe dunha quenlla procesada e conxelada a bordo coas aletas adheridas



Fonte: Mejuto, 2016

O futuro da normativa finning e pesca de tiburón está sendo debatida actualmente na contorna europea: unha sobre a eliminación do comercio de aletas de tiburón (importación, exportación e tránsito) cando estas non estean unidas de xeito natural ao corpo. Esta é unha iniciativa cidadá impulsada por ONGs baixo o lema “Stop Finning - Stop the trade” (Prohibición do cernamento das aletas dos tiburóns - Prohibición do comercio). E en segundo lugar, débátese sobre a continuación da pesca do marraxo dientuso tras ser clasificado no apéndice II do CITES⁹ en 2019. Pois, polo de agora o ICCAT establece unha prórroga da pesca do marraxo dientuso con novos TACs e cotas (Pesqueras 2019).

4 Resultados

Neste epígrafe mostraranse os resultados da análise sobre o cumprimento das normas antifinnging proposto. Baséase na comparación entre o valor de exportacións de aletas e o valor resultante da aplicación do 5% sobre as capturas totais (límite legal regulado no artigo 4.3 e 4.4 da normativa de 2003). En caso de que as exportacións superen o límite, consideraríase incumprimento e posible indicio de finning.

Lémbrese tamén que dadas as limitacións de datos expostas na metodoloxía, divídese a análise en dous períodos:

⁹ Inclúen as especies que non se atopan necesariamente en perigo de extinción pero que o comercio deber controlarse con fin de evitar unha utilización incompatible coa súa supervivencia” (CITES 2019)

4.1 Período 1: Países europeos 2000-2011

Para este período, a FAO estimou unhas exportacións medias anuais de aletas de 3.490 toneladas, equivalento un valor medio anual de 57,9 millóns de USD (Dent and Clarke 2015). Como non se dispoñen de datos desagregados por anos, ponderamos a estimación da FAO en termos anuais: dividir a estimación (3.490T) entre a media de capturas totais de tiburóns (43.149T) e multiplicalo polas capturas totais de cada ano.

Aplicando o límite legal do 5% resulta que o supera en todos os anos (Táboa 6). É dicir, segundo os datos presentes e resultados acadados, España incumpriría a normativa en todo o período.

Táboa 6: Análise do cumprimento de España entre 2000 e 2011

ESPAÑA	2.000	2.001	2.002	2.003	2.004	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	Promedio
Capturas Totais	51.600	48.676	36.693	34.665	39.090	31.875	35.021	37.237	43.573	50.353	66.875	86.627	46.857
5% CT	2.580	2.434	1.835	1.733	1.955	1.594	1.751	1.862	2.179	2.518	3.344	4.331	
Ponder.Aletas	3.843	3.625	2.733	2.582	2.911	2.374	2.608	2.773	3.245	3.750	4.981	6.452	
Dif. 5%-PA	-1.263	-1.192	-898	-849	-957	-780	-857	-912	-1.067	-1.233	-1.637	-2.121	
Cumprimento	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO (capturas totais) e Dent & Clarke (2015) para as aletas

4.2 Período 2: países europeos 2012-2017

Os valores recollidos nas plataformas oficiais de DATACOMEX e FAO son moi distantes do 5% sobre as capturas totais, non sendo comparables (Táboa 7). Por este motivo, non se pode analizar adecuadamente. A Táboa 7 tamén se achega para comprobar por onde debería oscilar o nivel de exportacións.


Táboa 7: Análise do cumprimento de España, Portugal, Francia entre 2012 e 2017

		2.012	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017	Promedio
España	Capturas Totais	95.635	98.877	80.225	63.669	61.321	58.849	76.429
	5% CT	4.782	4.944	4.011	3.183	3.066	2.942	
	Export Aletas	-65	117	25	95	78	1.839	
	Dif. 5%-Exp.AI	4.847	4.827	3.986	3.088	2.988	1.103	
	Cumprimento	SI	SI	SI	SI	SI	SI	
Portugal	Capturas Totais	12.124	9.040	10.221	10.848	16.830	16.421	12.581
	5% CT	606	452	511	542	842	821	
	Export Aletas	36	39	58	59	66	82	
	Dif. 5%-Exp.AI	570	413	453	483	776	739	
	Cumprimento	SI	SI	SI	SI	SI	SI	
Francia	Capturas Totais	5.621	5.999	5.856	5.518	5.525	4.625	5.524
	5% CT	281	300	293	276	276	231	
	Export Aletas	-2	1	0	0	0	9	
	Dif. 5%-Exp.AI	283	299	293	276	276	222	
	Cumprimento	SI	SI	SI	SI	SI	SI	

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

Por outro lado, as exportacións de aletas estando en neto, resalta que en 2012 España e Francia teñan uns saldos negativos cando se tratan de países non consumidores de aletas, é dicir, exportan todo o producido e importado. Así tamén, no caso de España, en 2017 presenta un saldo máis coherente en relación ó 5% cunha subida exponencial (Gráfico 4), aínda que presenta diferenza ampla positiva (Táboa 7).

Gráfico 4: Evolución exportacións (netas) aletas de España, Portugal, Francia e EEUU entre 2012 e 2017



Fonte: elaboración propia cos datos da FAO

5 Discusión

O incumprimento da normativa non implica facer finning. Segundo os resultados do período 2000-2011 observase que España incumpriría a norma ao superar o 5% lexislado, sen embargo, existen argumentos que permiten discutir se existe ou non incumprimento.

Pois, os científicos consideran que o 5% non é un indicador adecuado para a frota europea e tería que ser máis elevado -lémbrese que o 5% é o indicador establecido pola normativa europea en 2003 para asegurarse que as frots non fixeran finning cando estas se acolleran ás exencións de non cernamento das aletas, é dicir, as frots poderían cernar as aletas pero o peso das aletas non poderían superar o 5% do peso vivo (peixe enteiro)-. A razón susténtase en que esta porcentaxe tomouse da normativa estadounidense do 2000 (sección 3 da Shark Finning Prohibition Act, Public Law 106-557) cando esta e a europea practican diferentes metodoloxías de traballo, capturan diferentes especies e cernaban as aletas doutro xeito. Critícase que se lexislase eludindo da reflexión científico-técnica (Mejuto 2016).

Na liña das especies capturadas por rexións, lembrando que a quenlla máis o marraxo dientuso representaban conxuntamente aproximadamente o 90% da pesca de España e Portugal no período 2000-2017, para EEUU non chega ao 9% (quenlla é o 0,30% e o marraxo dientuso un 8,58%). Pois, EEUU especialízase no tiburón de puntas negras cun 24,96% (*Carcharhinus limbatus*), tiburón gris cun 23,03% (*Carcharhinus plumbeus*), cazón de praia cun 10,25% (*Rhizoprionodon terraenovae*), entre outros (FishStatJ, 2020).

Pois, “*numerosos estudos foron realizados por Institutos europeos durante eses anos en relación a eses asuntos, incluíndo descritivas detalladas destas prácticas e procesos, equivalencia entre corpos e aletas adaptadas á frota europea, con resultados moi similares entre eles*” (Mejuto 2016). Estes estudos con resultados similares son:

No informe “*Factors for conversion of fin weight into round weight for the blue shark*” de 2004, determinouse un valor medio de 6,6% para as aletas de quenlla en relación ao seu corpo. Case o mesmo (6,5%) ao reportado por Mejuto e García-Cortés (2003) para a mesma especie nas pesqueiras españolas. Tamén similar (6%) á encontrada por Rose e McLoughlin (2001) nas pesqueiras australianas (Neves, Santos, and Garcia 2004). No informe “*Ratios between fin weight, body weight and size of blue shark (prionace glauca) recorded in the landings of the european union surface longline fleet*” (2010), determináronse unhas ratios para a quenlla de 5,88% para o peso vivo, 7,33% para o peso eviscerado e 14,16% para o peso canal¹⁰. Ademais, o ICCAT examinou a ratio do 5% no informe bial publicado en 2006, no cal a rexeita a nivel global e para todas a especies (ICCAT 2006).

Tamén é importante ter en conta que os EEUU e a UE empregaban distinto conxunto de aletas¹¹, pois “no caso da frota estadounidense consiste xeralmente no conxunto principal de aletas (aleta dorsal, dous pectorais e o lóbulo inferior da caudal) mentres que nas frots europeas consiste en todas as aletas, incluíndo a cola (caudal) completa” (ICCAT 2006). Este feito non é menor sabendo que a aleta caudal representa o 44% do peso total das aletas, seguido polas pectorais (35%), aleta dorsal (9%), as pélvicas (7%), e a anal e segunda dorsal 2% cada unha (Lorenzo et al. 2010). Pois, “o uso parcial da aleta caudal, xunto coa práctica de non utilizar outras aletas para fins comerciais, explica as diferencias nas proporcións observadas entre as frots da UE e outras, que eran inferiores (como a estadounidense)” (Lorenzo et al. 2010).

Os científicos observan que, de querer establecer unha porcentaxe en conxunto, parecería válido o intervalo 5,8-6,8%. En calquera caso, o límite inferior (nunca recomendado) é moi superior ao lexislado no marco europeo (Mejuto and García-Cortés 2004). En todo caso, “*é convinte establecer valores limiar por especie ou grupos de especie, tendo en conta tamén a súa talla, definidos mediante os seus respectivos límites superiores de confianza*” (ICCAT 2006).

Na Táboa 8 vólvese a facer o análise de cumprimento substituindo o 5% lexislado polo 6,8% recomendado polos científicos. España seguiría dando incumprimento da normativa, mais pode ter explicación en que o valor estimado de Dent and Clarke (2015) sobre o que se pondera a exportación de aletas está en valores brutos. O ideal sería que fosen saldos reais e netos. Pois, de ser saldo neto, é posible que os datos estivesen dentro dos parámetros científicos.

Táboa 8: Análise de cumprimento de España entre 2000 e 2011 coa porcentaxe do 6,8% recomendado polos científicos

ESPAÑA	2.000	2.001	2.002	2.003	2.004	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	Promedio
Capturas Totais	51.600	48.676	36.693	34.665	39.090	31.875	35.021	37.237	43.573	50.353	66.875	86.627	46.857
6,8% CT	3.509	3.310	2.495	2.357	2.658	2.168	2.381	2.532	2.963	3.424	4.548	5.891	
Ponder.Aletas	3.843	3.625	2.733	2.582	2.911	2.374	2.608	2.773	3.245	3.750	4.981	6.452	
Dif. 6,8%-PA	-334	-316	-238	-225	-253	-207	-227	-241	-282	-326	-433	-561	
Cumprimento	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	NON	


¹⁰ Peso una vez sacrificado, desollado, sangrado, e eviscerado.

¹¹ “*Combinación de aletas que os pescadores reteñen con fins comerciais en cada buque/frota*”, (ICCAT 2006).

Fonte: elaboración propia cos datos da FAO (capturas totais) e Dent & Clarke (2015) para as aletas


Os científicos tamén defenden o procesamento a bordo: “a maior parte das aletas e corpos procésanse por separado e conxéllase a bordo inmediatamente despois da captura, o cal é extremadamente vantaxoso en termos de mantemento das condicións sanitarias óptimas durante longos viaxes” (Lorenzo et al. 2010). Nas Ilustracións 7 e 8 obsérvanse as aletas de tiburón nomeadas e cernadas.

Ilustración 7: Nome das diferentes aletas do tiburón



Fonte: Adaptado de Neves et al., 2004 (adaptado de Campagno, 1984)

Ilustración 8: Aletas de tiburón cernadas



Fonte: Lorenzo et al., 2010

Por outro lado, os valores do período de datos oficiais (a partir de 2012) sendo tan pequenos e inconsistentes, pode crear sospeitas de non estar declarando as aletas, é dicir, pesca INDNR. Mais, dado que a partir de 2013 se aplica a norma de aletas adheridas pola que os buques desembarcan os tiburóns coas súas aletas sen cernar, a pesca INDNR implicaría non declarar aletas e polo tanto non ter rexistros de captura tampouco.

Pois, o motivo polo que os valores comerciais se consideran pequenos se debe precisamente a que se dispoñen duns rexistros de capturas (é dicir, as capturas se declaran, e para ser declaradas houbo que desembarcalas coas aletas adheridas, aínda que se faga no estranxeiro). Son estes rexistros os que manifestan que os valores comerciais resultan ser non proporcionais e inconsistentes. De acordo con isto, poderíase rexeitar que os valores se deban a razóns de pesca INDNR, apuntando a que o problema resida propiamente nos datos comerciais. Ademais, se trata dunha ilóxica que acontece en todos os países manifestos neste informe.

As razóns de ser tan reducidos tratouse de pescudar contactando coa AEAT, a FAO, o ICEX, e OPPs mais non se obtivo resposta. Sen embargo, nun estudo similar de Fundación MarViva (2020) sobre o comercio de aletas de tiburón de Panamá, Colombia e Costa Rica detectouse o mesmo problema, algo que se confirma como problema global no informe (Cashion, Bailly, and Pauly 2019). En Fundación MarViva (2020) dáse unha posible explicación: códigos aduaneiros/arancelarios erróneos que ademais o descoñecemento dos axentes de aduanas sobre un produto tan concreto como son as aletas de tiburón impide unha supervisión eficaz.

Os erros nos códigos non teñen por que ser deliberados. Os pescadores INDNR empregarán este tipo de actuación intencionadamente, mais esta situación non se adecúa ó caso Español nin Europeo porque grazas á norma de aletas adheridas sabemos que as aletas foron declaradas no desembarque, polo que non habería ningún incentivo para exportar con outro código aduaneiro. Por este motivo, sospéitase que os pescadores foron mal informados sobre o código que debían empregar e a non supervisión no comercio deste produto non impediu a súa corrección dende 2012.

Por último, as medidas tomadas no marco europeo dirixen o seu obxectivo en crear unha pesca sustentable co medio mariño e a xestión das especies, mais estas tiveron un mar de críticas por diversos grupos de interese cuestionando a validez destas:

No referido á normativa de 2003, sendo a primeira das normativas europeas que trata o finning prohibíndoo, merece o seu recoñecemento. Sen embargo, a súa aplicación tivo críticas tanto dalgúns científicos, ecoloxistas e OPPs. Por un lado os ecoloxistas esixían unha lei máis estrita que non incluíse exencións. Por outro lado, algúns científicos recomendaron non impor unha proporción global de peso para o conxunto de todas as especies de tiburón. Nese sentido, a porcentaxe do 5% emulado dos EEUU era desaconsellado por estes, requirindo uns cocientes máis elevados e segregados (García and Neves dos Santos 2008; Lorenzo et al. 2010; Mejuto 2016; Mejuto and García-Cortés 2004; Neves et al. 2004); e as OPPs e pesqueiros manifestaron o seu descontento de sentirse perseguidos afirmando que os que fan finning son países asiáticos (Europaazul 2017; Montero and Galache 2017).

Coa normativa de 2013 de aletas adheridas, a UE reforza a súa intención de evitar pesca non respectuosa ao endurecer a anterior norma eliminando as exencións, recibindo novamente críticas polas mesmas partes: os ecoloxistas, dado que se produciu unha diminución do stock do tiburón, esixen unha prohibición da pesca de tiburón. Esta acción potenciou nestes últimos anos apoiados por un sector científico e tamén polo ICCAT, pois o marraxo dientuso se incluíu no

apéndice II¹² do CITES. Pola contra, outro parte do sector científico apunta que a UE cedeu á opinión pública para mostrar unha imaxe máis comprometida co medio ambiente, ignorando efectos colaterais previsibles (Mejuto 2016); e nesta liña, os efectos colaterais poden referirse ós sufridos polos empresarios que viron como, estando inmersos nunha crise global sumábaselle esta norma que inviabilizou definitivamente a empresa ao xerar costes adicionais e menores ingresos (perda de beneficios de 10-14 millóns na frota galega), provocando quebras e por conseguinte centos de empregos directos (tripulantes) e indirectos despedidos (CEPESCA and Sánchez n.d.; Rodríguez Rodríguez and García Negro 2019).

Deste xeito, ante os efectos económicos negativos sufridos pola frota palangreira galega, invita a un debate sobre a validez das normativas. Pola parte das OPP, esíxese o cambio a unha política menos restritiva como fixándose no caso de Noza Zelanda, país moi experimentado en materia pesqueira. As medidas neocelandesas consisten nunha norma mixta que para algunhas especies obriga a desembarcar coas aletas adheridas, pero noutras se permite cernar sempre e cando se cumpra un ratio de peso. Pois fontes afirman que estas medidas conseguiron compatibilizalo coa parte económica evitando quebras (ARVI 2015). Esta idea suplícase principalmente para rendibilizar mellor o espazo de bodega, pois lémbrese que a medida europea supón unha redución do 10% do espazo. Este 10% non é unha cifra menor considerando que, a modo de exemplo, se un barco factura 1 millón de euros, a medida estaría privando de 100.000 euros.

De tódolos xeitos, debería ser validada por científicos e expertos económicos, minimizando a opinión pública sen base científica. *“Para falar de sustentabilidade, é convinte considerar as conclusións científicas dos marcos multilaterais”*. Ademais, xa é un avance que exista consenso entre os pescadores europeos e os científicos (Mejuto 2016).

Conclusións

Para a análise atopáronse unhas limitacións de datos importantes: non existen datos oficiais para ningún país europeo previos a 2012, mais para España a FAO estimou as exportacións para o período de 2000-2011. Ao ser unha fonte fiable tívose en consideración

¹² Inclúen as especies que non se atopan necesariamente en perigo de extinción pero que o comercio deber controlarse con fin de evitar unha utilización incompatible coa súa supervivencia” (CITES 2019)

para poder analizar ese período, aínda que non permite comparar con países de características similares. Para o período 2012-2017 existen datos comerciais oficiais, pero son moi pequenos, inconsistentes e non comparables, polo que non se fixo análise sobre este período.

Así pois, cos datos manexados, entre 2000 e 2011 España sobrepasa o cociente de peso aleta-corpo (5%), é dicir, España incumpriría o regulamento de 2003 en toda a súa vixencia. Sen embargo, estes datos presentes entre 2000 e 2017 non son concluíntes para afirmar que existiu ou non finning en España nin na UE. Ademais, de acordo cos científicos, a proporción do 5% é pequena para a frota europea, encima que non aconsellan unha porcentaxe única para todas as especies de tiburón. Igualmente, a estimación de exportacións sobre a que se traballou están en bruto, cando o ideal sería en neto. Pois, que España supere o cociente (incumplir a normativa) no período 2000-2011 non implica necesariamente finning. Así mesmo, o cumprimento dun país non exonera a todos os seus buques, pois estamos tratando con datos macro e é posible que existan casos puntuais de pesca ilegal ou incumprimento.

Para o período 2012-2017, non se fixo análise polos motivos expresados, os cales se intentaron entender contactando coa AEAT, FAO, ICEX e OPPs, mais non se conseguiu resposta frutífera. De tódolos xeitos, pódese descartar que se deba a pesca INDNR xa que a norma de aletas adheridas implica que os rexistros de capturas totais (que si temos) foron declaradas e desembarcadas coas súas aletas sen cernar. Suponse entón que o erro reside nos rexistros comerciais meramente. Por este motivo, neste TFG, en consonancia con outros informes, consideramos que moi probablemente se deba a unha codificación aduaneira errada do produto, erro que quizais non sexa intencionado ao non existir incentivos para codificar mal cando si foron declarados no seu desembarque. Deste xeito, é necesario corrixir os códigos para un mellor control no futuro.

Por outro lado, os efectos socioeconómicos negativos derivados das políticas tomadas sufridos pola frota e consecuentemente ó resto da economía galega ao ser un sector estratéxico, invitan a un debate sobre a validez das normas en canto a equilibrio entre conservación e actividade económica.

A gran dificultade da pesca INDNR, na que se encadra o finning, é o control. Esta depende de moitos factores. O control aduaneiro é un dos principais, pois as aduanas europeas, entre outras, inicialmente codificaban por especie. É dicir, rexistraban de igual xeito as aletas e carne de tiburón. Así, o control a través de comercio internacional foi deficiente ata 2012 (por iso se analizou cunha estimación). Pois, en 2012 na OMA acórdase asignar códigos diferenciados para cada produto. A maiores, tamén xorden as certificacións, as cales poden ser documentos informadores de procedencia legal (Regulamento Certificado CE 1005/2008 da UE), ou certificación de sostibilidade.

Pois, recoñecendo que os peixes cartilaxinosos apoian os medios de vida dos pescadores e das economías locais, os recursos deben ser xestionados de maneira sustentable para asegurar o seu uso continuado, de aí a importancia de monitorizar o comercio para axudar ás partes implicadas e crear oportunidades, apoiando a sustentabilidade medioambiental, económica e social. Isto só se pode conseguir a través de lexislación que augure por todos os grupos de interese (ciencia, economía, ecoloxismo, etc.). Nesta liña, Luís Planas, actual ministro de pesca español, afirmaba que *“a PPC non debe entenderse só con un criterio medioambiental, senón que debe prestar máis atención á sostibilidade social e económica do sector pesqueiro, xa que é esencial para a supervivencia de moitas das nosas comunidades costeiras, os seus portos e lonxas, en algúns casos altamente dependentes da pesca”* (Pesqueras 2020).

Por outro lado, ademais de regular, as medidas de control son tanto ou máis importantes como a propia lexislación. Nesta liña, hanse de tomar medidas efectivas que eviten a pesca

INDNR. Mais, para unha xestión e control pesqueiro efectivo é imprescindible o traballo conxunto, como por exemplo reforzar o papel das OROP incentivando a formar parte destas e penalizando máis ós non membros. Aínda así, a realidade é que actualmente os países non cooperantes das OROP dificultan o control, polo que todavía segue moi latente o problema da sobrepesca. A UE si forma parte de todas as OROP onde teñen presenza os buques comunitarios, pois establece TACs e cotas elaboradas en base a informes científicos e ter en consideración tamén ós demais grupos de interese.

Para reforzar o control, actualmente a UE está innovando en cámaras de vídeo a bordo, na que as gravacións son de acceso único para as autoridades. Postúlase como un avance importante, mais as frotas consideran que os costes do equipo, instalación e mantemento levarían a posibles insostibilidades económicas, ademais de ser o único emprego que sería videovixilado e podería estar non respectando a privacidade nin ser ético. Actualmente continúanse usando observadores a bordo, mais presenta o problema de ser salario a conta da empresa. Por este motivo, as OPP desexan que esta medida futura sexa voluntaria, sendo só obrigatoria para as frotas incumpridoras. Tamén se manifesta que os esforzos de control se deberían aplicar a todos os países do mundo, acentuándose naqueles países e/ou frotas INDNR.

Para finalizar, destacar que o mar é un mundo repleto de complexidades: as profesións mariñeiras son das máis duras física e mentalmente, a ameaza da piratería, a gobernanza do mar, o control de cumprimento das leis, a compatibilización das partes interesadas, a pesca INDNR, os descartes, a pesca incidental, etc. Este traballo trata unha parte pequena pero moi importante en relación á pesca, é un traballo introdutorio do que debe ser estudo máis profundo.

Vivir A MAR

Bibliografía

- Agricultura, alimentación y medio ambiente, Ministerio. 2016. *El Mercado Del Tiburón En España*.
- Amoedo, Adrián. 2015. "España Busca Aliados Para Vetar El 'Finning' En Barcos de Las Organizaciones Regionales - Faro de Vigo." *Faro de Vigo*.
- ARVI. 2015. "La Protección de Los Tiburones En La Unión Europea y En Nueva Zelanda: Dos Políticas Diferentes." *ARVI WEB*. Retrieved January 27, 2020

- (<http://www.arvi.org/publicaciones/ppc/desarrolloPPC/PROTECCIONTIBURONES.pdf>).
- Baker-Médard, Merrill, and Jake Faber. 2020. "Fins and (Mis)Fortunes: Managing Shark Populations for Sustainability and Food Sovereignty." *Marine Policy* 113(February 2019).
- Ballesteros, Hugo M., and Gonzalo Rodríguez-Rodríguez. 2018a. "'Acceptable' and 'Unacceptable' Poachers: Lessons in Managing Poaching from the Galician Shellfish Sector." *Marine Policy* 87(January 2018):104–10.
- Ballesteros, Hugo M., and Gonzalo Rodríguez-Rodríguez. 2018b. "How Much in the Clan Are You? The Community as an Explanatory Factor of the Acceptance of Poaching in Small-Scale Fisheries." *Marine Policy* 97(February):188–96.
- Ballesteros, Hugo M., Gonzalo Rodríguez Rodríguez, and María do Carme García-Negro. 2016. "Efectos Económicos de La Obligación de Desembarque En La Flota de Litoral Gallega." *La Gobernanza Marítima Europea. Retos Planteados Por La Reforma de La Política Pesquera Común* 321–41.
- Cashion, Madeline S., Nicolas Bailly, and Daniel Pauly. 2019. "Official Catch Data Underrepresent Shark and Ray Taxa Caught in Mediterranean and Black Sea Fisheries." *Marine Policy* 105(February):1–9.
- CEPESEA, and Paloma Sánchez. n.d. *Sostenibilidad Flota a Flota: Palangre*.
- CITES. 2019. *El Efecto de La Inclusión de Especies Españolas En Los Apéndices Del Convenio Sobre El Comercio Internacional de Especies de Fauna y Flora Silvestre (CITES)*. Madrid.
- Clarke, Shelley C., Murdoch K. McAllister, E. J. Milner-Gulland, G. P. Kirkwood, Catherine G. J. Michielsens, David J. Agnew, Ellen K. Pikitch, Hideki Nakano, and Mahmood S. Shivji. 2006. "Global Estimates of Shark Catches Using Trade Records from Commercial Markets." *Ecology Letters* 9(10):1115–26.
- Comisión Europea. 2009. *Comunicación de La Comisión Al Parlamento Europeo y Al Consejo Relativa a Un Plan de Acción de La Comunidad Europea Para La Conservación y Gestión de Los Tiburones*.
- Comisión Europea. n.d. "Illegal Fishing Overview of Existing Procedures Third Countries." Retrieved March 20, 2020a (https://ec.europa.eu/fisheries/sites/fisheries/files/illegal-fishing-overview-of-existing-procedures-third-countries_en.pdf).
- Comisión Europea. n.d. "TAC y Cuotas | Pesca." Retrieved March 7, 2020b (https://ec.europa.eu/fisheries/cfp/fishing_rules/tacs_es).
- Dent, and Clarke. 2015. *State of the Global Market for Shark Products*. Roma.
- Espesca. n.d. "La Pesca Con Palangre ¿Que Es y Como Se Realiza?" Retrieved March 8, 2020 (<https://espesca.com/palangre/>).
- Europaazul. 2017. "La Flota Palangrera Pide Igualdad de Condiciones En La Pesca de Tiburón." Retrieved January 27, 2020 (<http://europa-azul.es/aletadetiburon/>).
- FAO. 2018. *Technical Guidelines on Methodologies and Indicators for the Estimation of the Magnitude and Impact of Illegal, Unreported and Unregulated (IUU) Fishing*.
- FAO Fisheries & Aquaculture. n.d. "Glosario FAO." Retrieved March 28, 2020 (<http://www.fao.org/3/y3427s/y3427s0d.htm>).
- Freire, Juan. 2009. *Análisis Pesca: De La Crisis Global a Las Soluciones Para Galicia*.

- Fundación MarViva. 2020. *Crece Exportación de Aletas de Tiburón a Asia Sin Registro de Aduanas*.
- García-Negro, María do Carme, Gonzalo Rodríguez-Rodríguez, Hugo M. Ballesteros, and Pedro Sálamo Otero. 2016. *Táboas Input-Output Da Pesca-Conservas Galega 2011*. 1st ed. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- García, Alexandra, and Miguel Neves dos Santos. 2008. *New Data on the Ratio between Fin and Body Weights for Shark Species Caught by the Portuguese*. Vol. 62.
- García Negro, María do Carme, Gonzalo Rodríguez Rodríguez, and Fernando Gonzalez Laxe. 2018. "A Importancia Económica Da Pesca En Galicia." *Galega, Revista* 27(3):15.
- Gutiérrez, Miren, Alfonso Daniels, Guy Jobbins, Guillermo Gutiérrez Almazor, and César Montenegro. 2020. *China's Distant-Water Fishing Fleet: Scale, Impact and Governance*. London.
- ICCAT. 2006. *Informe Del Período Bienal, 2004-05 IIª Parte (2005)*. Vol. 2.
- Iglesias Berlanga, Marta. 2017. *Las Organizaciones Regionales de Ordenación Pesquera Ante El Reto de La Gestión Sostenible de Los Recursos Vivos Marinos*.
- Lagos Rodríguez, Óscar. 2018. *Impacto Económico de La Pesca Del Pez Espada*.
- Lorenzo, J., J. Mejuto, JL Cebrián, B. García-Cortés, and A. Ramos-Cartelle. 2010. *Ratios between Fin Weight, Body Weight and Size of Blue Shark (Prionace Glauca) Recorded in the Landings of the European Union Surface Longline Fleet*. Vol. 65.
- Macfadyen, G., B. Caillart, and D. Agnew. 2016. *Review of Studies Estimating Levels of IUU Fishing and the Methodologies Utilized*.
- MAPA. n.d. "Listas de Buques Involucrados En Actividades de Pesca Ilegal, No Declarada y No Reglamentada (IUU/INDNR)." Retrieved March 20, 2020a (<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/control-e-inspeccion-pesquera/lista-buques-involucrados-pesca-ilegal/>).
- MAPA. n.d. "Organizaciones de Pesca y Conservación de Los Recursos Vivos Marinos." Retrieved March 11, 2020b (<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/planes-de-gestion-y-recuperacion-de-especies/orgpesca.aspx>).
- Marinos.es. 2016. "Diferencia Entre Bandera y Pabellón." Retrieved March 11, 2020 (<https://marinos.es/pabellon-bandera-y-barcos-pirata/>).
- Mejuto, Jaime. 2016. "Repaso a Un Confuso Debate: Finning y Cercenamiento." *Industrias Pesqueras*.
- Mejuto, Jaime, and J. Fernández-Costa. 2010. "A Short Note on the Fao Statistics for Porbeagle Shark (Lamna Nasus) in the Atlantic and Its Relation to Other Lamnid." 65(6):2031–50.
- Mejuto, Jaime, and Blanca García-Cortés. 2004. *Preliminary Relationships between the Wet Fin Weight and the Body Weight of Some Large Pelagic Sharks Caught by the Spanish Surface Longline Fleet*. Vol. 56.
- Montero, Teresa, and Pedro Galache. 2017. "La Pesca Ilegal Supone Una Competencia Desleal Para Los Que Respetan Las Reglas Del Juego." Retrieved January 27, 2020 (<http://europa-azul.es/agencia-control-de-la-pesca/>).
- Neves, Miguel, Dos Santos, and Alexandra Garcia. 2004. *Factors for Conversion of Fin Weight Into Round Weight for the Blue Shark (Prionace Glauca)*. Vol. 58.

- OCDE. 2007. *Organizaciones Regionales de Ordenación Pesquera. Resumen Ejecutivo*.
- ORPAGU. n.d. "Constitución - ORPAGU." Retrieved March 15, 2020 (<https://www.orpagu.com/or-pa-gu/historia/>).
- OSPESCA. 2011. *Reglamento OSP-05-11 Para Prohibir La Práctica Del Aleteo Del Tiburón En Los Países Parte Del SICA*.
- Pescalex. n.d. "Regulación Por ORPs." Retrieved March 11, 2020 (<https://normativapesquera.wordpress.com/lex-ue/orps/>).
- Pesqueras, Industrias. 2019. "La Flota Española Celebra El Plan de Gestión de La Tintorera y La Prórroga a La Pesquería de Marrajo." *Industrias Pesqueras*.
- Pesqueras, Industrias. 2020. "Entrevista a Luis Planas." *Industrias Pesqueras*.
- Rodríguez-Rodríguez, Gonzalo, V. Hug. M. Ballesteros, Julio Valeiras, and Jose M. Bellido. 2019. "Input-Output Analysis of the Economic Impacts of the Landing Obligation: Snap-Shot from the Trawler Fleet in Northern Iberian Waters (Spain)." *Ocean & Coastal Management* 172(February):146–56.
- Rodríguez Rodríguez, Gonzalo, and María do Carme García Negro. 2019. *Impacto Económico Para a Flota Palangreira de Superficie Galega Da Norma de Aletas Adheridas*.
- Rodríguez Rodríguez, Gonzalo, María do Carme García Negro, Pedro Sálamo Otero, and Víctor Hugo Martínez Ballesteros. 2016. *Táboas Input-Output Pesca-Conserva Galegas 2011*.
- United States Congress. 2000. *Shark Finning Prohibition Act, Public Law 106-557*.